



**REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACION
CULTURAL DE ESTUDIOS HISTÓRICOS DE GALICIA.
4 DE OUTUBRO DE 2.018**

Na cidade de A Coruña, na sede da Biblioteca Municipal de Estudos Locais, previa convocatoria, reúnese a Xunta Directiva da Asociación Cultural de Estudos Históricos de Galicia, baixo a presidencia de José Manuel Bértolo Ballesteros coa asistencia dos seguintes asociados: Rosario Martínez Martínez, Ana Romero Masiá, Benito Figueroa Aldariz, José Enrique Benlloch del Río, Vicente Javier García Gómez e Alberto Paraje Méndez.

Sendo as vinte horas e dez minutos, o presidente da por aberta a sesión para tratar os temas segundo a orde do día, previamente fixado e notificado.

1. O presidente informa da situación económica da Asociación e do número de socios que hai na actualidade, pois trala baixa como secretario de José Luis Pardo houbo que revisar estes aspectos. Tamén di que na última convocatoria de eleccións para a directiva da Asociación non houbo candidaturas.
2. A Asociación, que lamentablemente non solicitou as subvencións da Deputación en 2017 e 2018, ten neste momento un superavit, segundo informa o tesoureiro, que lle permite editar sen problema a próxima revista.
3. Noméase como novo secretario a Alberto Paraje Méndez, e como novo tesoureiro a Vicente Javier García Gómez. Agrádecese os moitos desvelos que tiveron o secretario e tesoureiro saíntes, que traballaron arreo durante tanto anos.
4. Preséntanse os artigos que presentaron nove autores para a próxima revista. Pásanse ao comité de redacción para que os valore e, se é o caso, dea as oportunas indicacións aos autores.
5. Acéptase como socio nº 100 a Carlos Santos Fernández.
6. Proponse facer en breve unha visita guiada ao Arquivo da Biblioteca Histórico Militar de Atocha. Hai tamén outras propostas, como a visita a Nogueira do Miño, pero que convén madurar.
7. E non habendo máis asuntos levántase a sesión ás vinte e unha horas e quince minutos, de todo o cal certifico.

José M. Bértolo Ballesteros

Presidente

Benito Figueroa Aldariz

tesoureiro